



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Xacobeo 21-22

**Bacharelato para persoas adultas**

# **Guía para a matriculación**

**Curso 2022-2023**

# Índice

---

<b>Preguntas clave.....</b>	<b>4</b>
<b>Introdución.....</b>	<b>5</b>
<b>Bacharelato LOMCE (extinguítese no 2023-2024).....</b>	<b>7</b>
<b>Denominación das materias.....</b>	<b>7</b>
<b>Titulación.....</b>	<b>7</b>
<b>Estrutura do bacharelato LOMCE, de acordo co Decreto 86/2015 do 25 de xuño.....</b>	<b>9</b>
Primeiro de bacharelato.....	9
Segundo de bacharelato.....	10
<b>Bacharelato LOMLOE.....</b>	<b>11</b>
<b>Denominación das materias.....</b>	<b>11</b>
<b>Titulación.....</b>	<b>11</b>
<b>Estrutura do bacharelato LOMLOE, de acordo co Decreto 157/2022 do 15 de setembro.....</b>	<b>12</b>
Primeiro de bacharelato.....	12
<b>Materias de continuidade.....</b>	<b>13</b>
<b>Matrícula en materias xa superadas.....</b>	<b>14</b>
<b>Cambios na matrícula.....</b>	<b>14</b>
Cambio de modalidade.....	14
Cambio de idioma na Primeira Lingua Estranxeira.....	16
Cambio de idioma na Segunda Lingua Estranxeira.....	16
Cambio de materias troncais de opción ou específicas.....	16
<b>Validacións.....</b>	<b>16</b>
Alumnado con título de Técnica ou Técnico de Formación Profesional.....	16
Alumnado con título de Técnica ou Técnico Superior de Formación Profesional.....	16
Alumnado con título de Técnica ou Técnico das Ensinanzas Profesionais de Música ou de Danza.....	17
Alumnado co título de Técnica ou Técnico de Artes Plásticas e Deseño.....	17
Validación de materias de bacharelato con determinadas materias das ensinanzas profesionais de música e danza.....	18
<b>Simultaneidade de estudos.....</b>	<b>18</b>
Matrícula simultánea con outro centro que imparta bacharelato.....	18
Simultaneidade das ensinanzas de bacharelato con ensinanzas profesionais de Música ou de Danza.....	19
Simultaneidade das ensinanzas de bacharelato con ciclos formativos.....	19
<b>Exencións.....</b>	<b>19</b>
Exención de Educación Física.....	19
Exención de Lingua Galega e Literatura.....	20
<b>Aspectos específicos.....</b>	<b>20</b>
Aspectos específicos para o alumnado de 2º de bacharelato pola modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais.....	20
Aspectos específicos para o alumnado da modalidade presencial.....	20
Aspectos específicos para o alumnado que se incorpora ao bacharelato para persoas adultas desde o réxime ordinario.....	20

<b>Incorporación desde o bacharelato LOMCE (Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.).....</b>	<b>21</b>
<b>Estrutura do bacharelato LOMCE, de acordo co Decreto 86/2015 do 25 de xuño.....</b>	<b>23</b>
Primeiro de bacharelato.....	23
Segundo de bacharelato.....	24
<b>Incorporación desde o bacharelato LOE (Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación).....</b>	<b>25</b>
<b>Estrutura do bacharelato LOE, de acordo co Decreto 126/2008 do 19 de xuño.....</b>	<b>26</b>
Primeiro de bacharelato.....	26
Segundo de bacharelato.....	27
<b>Incorporación desde o bacharelato LOXSE (Lei Orgánica de Ordenación Xeral do Sistema Educativo do 3 de outubro de 1990).....</b>	<b>28</b>
<b>Estrutura do bacharelato LOXSE, de acordo co Decreto 231/2002 do 6 de xuño.....</b>	<b>29</b>
Primeiro de bacharelato.....	29
Segundo de bacharelato.....	29
<b>Casos máis comúns de matriculación de alumnado procedente do bacharelato LOXSE.....</b>	<b>30</b>
1. Alumnado que cursou 1º de bacharelato LOXSE e o teña superado completamente.....	30
2. Alumnado que cursou 1º de bacharelato LOXSE e teña superadas algunhas materias.....	30
3. Alumnado que cursou 2º de bacharelato LOXSE con materias non superadas de 1º curso e teña materias non superadas de 1º e 2º cursos.....	31
4. Alumnado que cursou 2º de bacharelato LOXSE e teña só materias de 2º non superadas.....	31
<b>Incorporación desde os estudos regulados pola Lei 14/1970 Xeral de Educación, do 4 de agosto, desde o Programa Experimental de Reforma das Ensinanzas Medias (REM) ou co título de Técnico Deportivo.....</b>	<b>32</b>
Programa de Reforma das Ensinanzas Medias (REM).....	33
<b>Exemplos concretos de matriculación.....</b>	<b>34</b>
<b>Exemplo 1: Alumnado que cursou estudos regulados pola LXE 1970 (Bacharelato unificado polivalente, BUP).....</b>	<b>34</b>
<b>Exemplo 2: Alumnado procedente da REM.....</b>	<b>34</b>
<b>Exemplo 3: Alumnado que cursou estudos regulados pola LOXSE. Modalidade de artes... ..</b>	<b>35</b>
<b>Exemplo 4: Alumnado que cursou estudos regulados pola LOXSE. Modalidade de Tecnoloxía .....</b>	<b>36</b>
<b>Exemplo 5: Alumnado que cursou estudos regulados pola LOXSE e transición a sistemas posteriores. Modalidade Humanidades e Ciencias Sociais, itinerario Humanidades.....</b>	<b>37</b>
<b>Exemplo 6: Alumnado que cursou estudos regulados pola LOE con materias suspensas en ambos cursos.....</b>	<b>39</b>
<b>Exemplo 7: Alumnado que obtivo un título de Técnico de FP.....</b>	<b>41</b>
<b>Exemplo 8: Alumnado LOMCE que cambia de modalidade.....</b>	<b>41</b>
<b>Preguntas frecuentes.....</b>	<b>43</b>
<b>Normativa aplicable.....</b>	<b>45</b>
<b>Anexo I. Equivalencia de materias de bacharelato.....</b>	<b>47</b>

## Preguntas clave

Algunhas preguntas antes de realizar a matriculación do alumnado no bacharelato de persoas adultas:

		Véxase páxina
Posúe o título de Técnico/a en Formación Profesional, Técnico/a das Ensinanzas Profesionais de Música ou Danza ou Técnico/a de Artes Plásticas e Deseño?		16-17
Cursa simultaneamente ensinanzas profesionais de Música ou de Danza ou ciclos formativos?		18-19
Matricúlase por primeira vez no bacharelato?		13, 14, 19, 44
Se non se matricula por primeira vez no bacharelato, de que sistema procede?	LXE (1970)	32
	REM	32, 33
	LOXSE (1990)	28-31
	LOE (2006)	25-27
	LOMCE (2013)	7-11, 21-24
Cursou bacharelato ordinario ou de persoas adultas?		30-31
Se cursou bacharelato ordinario, ¿repetiu curso?		13, 20
Ten validado a todos os efectos o 1º curso de bacharelato?		30-31
Matricúlase dalgunha materia de 2º curso de bacharelato?		5-9
Se procede do sistema LOXSE ou LOE, ¿ten cursadas as materias troncais xerais na modalidade/itinerario elixidos?		25-27, 28-31
Cursou materias que cambiaron de denominación?		21, 25,47
Desexa cursar bacharelato presencial ou a distancia? Supera os 32 períodos lectivos?		18,44
Ten materias non superadas de primeiro de bacharelato? Cantas?		5, 21
Opta por matricularse por curso completo ou por materias?		5-6, 13, 20-21, 43
Se elixiu a modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais, debe cursar a Historia da Filosofía?		16,44
Desexa cambiar de modalidade/ itinerario?		14-15
Desexa pedir a exención de Educación Física?		19, 43

## Introdución

---

Conforme ao calendario de implantación establecido na Disposición final quinta da **Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro**, as ensinanzas mínimas de bacharelato definidas no Real Decreto 243/2022, do 5 de abril, así como as modificacións introducidas na organización e os obxectivos desta etapa, implantaranse para primeiro de bacharelato no curso escolar 2022-2023 e para segundo no curso escolar 2023-2024. Estas ensinanzas mínimas desenvólvense no caso de Galicia no Decreto 157/2022, do 15 de setembro.

A Resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, concreta as instrucións para os centros públicos que imparten ensinanzas de réxime ordinario no curso académico 2022-2023. Así mesmo, a Resolución do 18 de xullo de 2022, concreta a instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas para persoas adultas no curso académico 2022-2023.

A este efecto, no seu Capítulo IV, art. 26, a **Resolución de 18 do xullo de 2022** establece que:

- O alumnado matriculado unicamente de materias de primeiro curso de bacharelato deberá cursar as materias indicadas no artigo 22 da Resolución do 26 de maio de 2022, que seguen a estrutura e o currículo establecido no Decreto 157/2022, do 15 de setembro (bacharelato LOMLOE).
- O alumnado matriculado no segundo curso de bacharelato deberá cursar as materias establecidas no artigo 26 da dita resolución e poderá rematar ata o curso 2023-2024 os seus estudos de bacharelato consonte a estrutura establecida nos artigos 30 e 31 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño (bacharelato LOMCE).

Por outra banda, a **Resolución do 26 de maio de 2022**, establece que:

- O alumnado que se matricule no curso académico 2022-2023 no segundo curso de bacharelato e teña materias pendentes de primeiro ou teña que cursalas como pendentes poderá recuperalas durante o curso 2022-2023 co currículo da materia que se extingue. De non superalas nese período académico, a partir do curso 2023-2024 terá que facelo co novo currículo nas condicións que se determinen (Disposición transitoria segunda).
- En todos os demais casos, o currículo de referencia das materias de primeiro de bacharelato, será o establecido no Decreto 157/2022, de 15 de setembro.

Podemos resumir as **opcións de matriculación** do alumnado no curso 2022-2023 como segue:

1. Que un alumno ou alumna se matricule só de materias de primeiro. Neste caso seguirá a estrutura e as denominacións da LOMLOE e o novo currículo. No caso de ter cursado previamente materias de bacharelato terá recoñecidas as equivalencias das materias do currículo LOMCE<sup>1</sup> recollidas no cadro da páxina seguinte.
2. Que un alumno ou alumna se matricule por curso completo de segundo de bacharelato. Neste caso seguirá a estrutura e as denominacións da LOMCE e o currículo antigo.
3. Que un alumno ou alumna se matricule por materias, dalgunha de segundo curso e dalgunha de primeiro. Neste caso adaptarase a súa matrícula á estrutura definida pola LOMCE, aínda

---

<sup>1</sup> Para as materias de modalidade de bacharelato extinguidas (LOXSE ou LOE) as equivalencias de materias aparece recollida no cadro do Anexo I.

que as materias de primeiro seguirán as denominacións e o currículo da LOMLOE. As materias que cambian de denominación co novo currículo son as que aparecen recollidas no cadro.

4. Que un alumno ou alumna se matricule de segundo por curso completo con materias pendentes de primeiro. Neste caso con carácter xeral terá que seguir a estrutura e o currículo LOMCE durante o curso académico 2022-2023.

<b>Correspondencia entre materias da Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE) e materias establecidas na Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOMLOE).</b>	
<b>Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)</b>	<b>Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOMLOE)</b>
Bioloxía e Xeoloxía Cultura Audiovisual I Tecnoloxía Industrial I Primeira Lingua Estranxeira I	Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais Cultura Audiovisual Tecnoloxía e Enxeñaría I Lingua Estranxeira I
<b>Correspondencia entre materias para a incorporación á modalidade Xeral.</b>	
Matemáticas I Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I	Matemáticas Xerais

## Bacharelato LOMCE (extinguítese no 2023-2024)

### Denominación das materias

- Materias troncais:
  - Materias xerais do bloque de materias troncais.
  - Materias de opción do bloque de materias troncais.
- Materias específicas.
- Materias de libre configuración autonómica.

### Titulación

Ao finalizar o segundo curso o alumnado deberá ter cursadas e aprobadas as seguintes materias:

		1.º curso	2.º curso	Total
<b>Materias troncais</b>	<b>Xerais</b>	4	4	8
	<b>De opción</b>	2 <sup>(1)</sup>	2	4
<b>Materias específicas</b>		Educación Física <sup>(2)</sup>	2	4/5
		2		
<b>Mat libre conf. aut. L. G. e L. <sup>(3)</sup></b>		1	1	2

<sup>(1)</sup> Se hai cambio de modalidade ou de itinerario, unha delas pode ser da modalidade ou itinerario do que se procede.

<sup>(2)</sup> As persoas que realicen estudos das ensinanzas profesionais de danza ou acrediten ter condición de deportista de alto nivel ou de alto rendemento poden solicitar a exención.

<sup>(3)</sup> O alumnado procedente doutro país, doutra Comunidade autónoma ou que pasase máis de tres cursos académicos fóra de Galicia poderá solicitar a exención durante un máximo de dous cursos académicos consecutivos.

A LOMLOE introduciu modificacións nas condicións de titulación, de modo que o alumnado poderá obter o título sempre que obtivese avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos do bacharelato ou en todas as materias agás nunha. Neste último caso, deberanse reunir as condicións seguintes:

- a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.
- b) Que non se produciu un abandono da materia por parte da alumna ou do alumno, conforme os criterios establecidos por parte dos centros no marco do disposto pola consellería con competencias en materia de educación.
- c) Que a alumna ou o alumno presentouse ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.

- d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo da cualificación final da etapa, considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.



## Estrutura do bacharelato LOMCE, de acordo co Decreto 86/2015 do 25 de xuño

### Primeiro de bacharelato

		Modalidade de Ciencias	Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais		Modalidade de Artes
			Itinerario de Humanidades	Itinerario de Ciencias Sociais	
Materias troncais	Xerais	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Filosofía</li> <li>▪ Lingua Castelá e Literatura I</li> <li>▪ Primeira Lingua Estranxeira I</li> <li>▪ Matemáticas I</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Filosofía</li> <li>▪ Lingua Castelá e Literatura I</li> <li>▪ Primeira Lingua Estranxeira I</li> <li>▪ Latín I</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Filosofía</li> <li>▪ Lingua Castelá e Literatura I</li> <li>▪ Primeira Lingua Estranxeira I</li> <li>▪ Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Filosofía</li> <li>▪ Lingua Castelá e Literatura I</li> <li>▪ Primeira Lingua Estranxeira I</li> <li>▪ Fundamentos da Arte I</li> </ul>
	De opción <b>Elixir 2</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Bioloxía e Xeoloxía</li> <li>▪ Debuxo Técnico I</li> <li>▪ Física e Química</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Economía</li> <li>▪ Grego I</li> <li>▪ Historia do Mundo Contemporáneo</li> <li>▪ Literatura Universal</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cultura Audiovisual I</li> <li>▪ Historia do Mundo Contemporáneo</li> <li>▪ Literatura Universal</li> </ul>
Materias específicas		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Educación Física</li> </ul>			
		<b>Elixir 2</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Análise Musical I</li> <li>▪ Anatomía Aplicada</li> <li>▪ Cultura Científica</li> <li>▪ Debuxo Artístico I</li> <li>▪ Linguaxe e Práctica Musical</li> <li>▪ Relixión</li> <li>▪ Segunda Lingua Estranxeira I</li> <li>▪ Tecnoloxía Industrial I</li> <li>▪ Tecnoloxías da Información e da Comunicación I</li> <li>▪ Volume</li> <li>▪ Unha materia do <b>bloque de materias troncais</b> non cursada polo alumno ou a alumna, que será considerada específica para todos os efectos</li> </ul>		
Materia libre conf. autonómica		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Lingua Galega e Literatura I</li> </ul>			

## Segundo de bacharelato

		Modalidade de Ciencias	Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais		Modalidade de Artes
			Itinerario de Humanidades	Itinerario de Ciencias Sociais	
Materias troncais	Xerais	<ul style="list-style-type: none"> <li>Historia de España</li> <li>Lingua Castelá e Literatura II</li> <li>Primeira Lingua Estranxeira II</li> <li>Matemáticas II</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Historia de España</li> <li>Lingua Castelá e Literatura II</li> <li>Primeira Lingua Estranxeira II</li> <li>Latín II</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Historia de España</li> <li>Lingua Castelá e Literatura II</li> <li>Primeira Lingua Estranxeira II</li> <li>Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Historia de España</li> <li>Lingua Castelá e Literatura II</li> <li>Primeira Lingua Estranxeira II</li> <li>Fundamentos da Arte II</li> </ul>
	De opción <b>Elixir 2</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Bioloxía</li> <li>Debuxo Técnico II</li> <li>Física</li> <li>Xeoloxía</li> <li>Química</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Historia da Filosofía</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Economía da Empresa</li> <li>Xeografía</li> <li>Grego II</li> <li>Historia da Arte</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Artes Escénicas</li> <li>Cultura Audiovisual II</li> <li>Deseño</li> </ul>
Materias específicas	<b>Elixir 2</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Historia da Filosofía <sup>(1)</sup></li> <li>Análise Musical II</li> <li>Ciencias da Terra e do Medio Ambiente</li> <li>Debuxo Artístico II</li> <li>Fundamentos de Administración e Xestión</li> <li>Historia da Música e da Danza</li> <li>Imaxe e Son</li> <li>Psicoloxía</li> <li>Relixión</li> <li>Segunda Lingua Estranxeira II</li> <li>Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica</li> <li>Tecnoloxía Industrial II</li> <li>Tecnoloxías da Información e da Comunicación II</li> <li>Unha materia do <b>bloque de materias troncais</b> non cursada polo alumno ou a alumna, que será considerada específica para todos os efectos.</li> </ul>			
Materia libre conf. autonómica	<ul style="list-style-type: none"> <li>Lingua Galega e Literatura II</li> </ul>				

<sup>(1)</sup> Na modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais non se oferta como específica xa que é troncal de opción obrigatoria. [Orde do 19 de abril de 2018; *DOG* 25/4/18]

## Bacharelato LOMLOE

---

### Denominación das materias

- Materias comúns.
- Materias de modalidade:
  - Materias obrigatorias do bloque de materias de modalidade.
  - Materias de opción do bloque de materias de modalidade.
- Materias optativas.

### Titulación

Durante este curso académico todo o alumnado de segundo de bacharelato cursará as materias e poderá obter o título de bacharelato respectando a estrutura e o currículo da LOMCE. O alumnado que cursa **unicamente materias de primeiro** durante o presente curso académico titulará segundo a estrutura e currículo da LOMLOE.

## Estrutura do bacharelato LOMLOE, de acordo co Decreto 157/2022 do 15 de setembro

### Primeiro de bacharelato

		Modalidade Xeral	Modalidade de Ciencias e Tecnoloxía	Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais	Modalidade de Artes	
					Vía de Artes Plásticas, Imaxe e Deseño	Vía de Música e Artes Escénicas
Materias comúns		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Educación Física</li> <li>• Filosofía</li> <li>• Lingua Castelá e Literatura I</li> <li>• Lingua Estranxeira I</li> <li>• Lingua Galega e Literatura I</li> </ul>				
Materias modalidade	Obrigatoria (escoller 1)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Matemáticas Xerais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Matemáticas I</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Latín I</li> <li>• Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Debuxo Artístico I</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Análise Musical I</li> <li>• Artes Escénicas I</li> </ul>
	De opción (escoller 2)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Economía, Emprendemento e Actividade Empresarial</li> <li>• Outras materias de modalidade ofertadas de 1º.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais</li> <li>• Debuxo Técnico I</li> <li>• Física e Química</li> <li>• Tecnoloxía e Enxeñaría I</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Economía</li> <li>• Grego I</li> <li>• Historia do Mundo contemporáneo</li> <li>• Latín I</li> <li>• Literatura Universal</li> <li>• Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Cultura Audiovisual</li> <li>• Debuxo Técnico aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño I</li> <li>• Proxectos artísticos</li> <li>• Volume</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Análise Musical I</li> <li>• Artes Escénicas I</li> <li>• Coro e Técnica Vocal I</li> <li>• Cultura audiovisual</li> <li>• Linguaxe e Práctica Musical</li> </ul>
Materias optativas (escoller 1)		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Anatomía aplicada</li> <li>• Antropoloxía</li> <li>• Cultura Científica</li> <li>• Literatura Galega do Século XX e da Actualidade</li> <li>• Segunda Lingua Estranxeira I</li> <li>• Tecnoloxías da Información e da Comunicación I</li> <li>• Outras materias de <b>calquera</b> modalidade de 1º.</li> </ul>				
		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Relixión</li> <li>• Libre Disposición do Centro <sup>(2)</sup></li> </ul>				

<sup>(2)</sup> O alumnado do réxime de adultos poderá elixir cursar ou non a materia de Relixión, pero non se ofrece a posibilidade de alternativa a esta materia. De cursala, non computará para a nota media a efectos de acceso a outros estudos, para a obtención da mención de matrícula de honra, nin nas convocatorias para a obtención de bolsas e axudas ao estudo.

## Materias de continuidade

- O alumnado que curse **por primeira vez** ensinanzas de bacharelato para persoas adultas e non cursase previamente bacharelato polo réxime ordinario non se poderá matricular simultaneamente en materias coa mesma denominación nos dous cursos ou de contidos progresivos.
- Nos restantes casos, o alumnado poderá matricularse **en segundo** de materias condicionadas á superación das correspondentes materias do primeiro curso non cursadas en primeiro que figuran no cadro. Neste caso, o alumnado deberá acreditar os coñecementos da correspondente materia do 1º curso. Esta acreditación poderase realizar:
  - a) Cursando e superando a correspondente materia de primeiro (obrigatoriamente no caso de que o alumnado curse a materia como xeral do bloque de materias troncais).
  - b) O alumnado poderá matricularse da materia de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro sempre que o profesorado que a imparta considere que o alumno ou a alumna reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento da materia de segundo. A decisión de que o alumnado reúne as condicións necesarias deberá adoptarse segundo criterios obxectivos e avaliábeis, para iso o departamento didáctico correspondente poderá realizar unha proba. Esta posibilidade existe sempre que o alumnado curse a materia como troncal de opción ou como específica.

1º curso de bacharelato	2º curso de bacharelato
Lingua Galega e Literatura I	Lingua Galega e Literatura II
Lingua Castelá e Literatura I	Lingua Castelá e Literatura II
Matemáticas I	Matemáticas II
Primeira Lingua Estranxeira I	Primeira Lingua Estranxeira II
Debuxo Técnico I	Debuxo Técnico II
Latín I	Latín II
Grego I	Grego II
Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II
Fundamentos da Arte I	Fundamentos da Arte II
Cultura Audiovisual I	Cultura Audiovisual II
Análise Musical I	Análise Musical II
Debuxo Artístico I	Debuxo Artístico II
Segunda Lingua Estranxeira I	Segunda Lingua Estranxeira II
Tecnoloxía Industrial I	Tecnoloxía Industrial II
Tecnoloxías da Información e da Comunicación I	Tecnoloxías da Información e da Comunicación II
Física e Química	Física / Química
Bioloxía e Xeoloxía	Bioloxía / Xeoloxía

## Matrícula en materias xa superadas

O alumnado **NON** poderá matricularse **para subir nota** en materias avaliadas positivamente con anterioridade. Na modalidade presencial, o alumnado poderá escoller entre repetir curso completo ou só as materias suspensas, pero no primeiro caso non se lle manteñen os aprobados.

## Cambios na matrícula

### Cambio de modalidade

- O alumnado que cambie de modalidade no **primeiro curso** de bacharelato deberá cursar todas as materias non superadas da nova modalidade segundo a estrutura e currículo establecidos no Decreto 157/2022. A tal efecto deberá terse en conta todo o establecido nesta guía no capítulo adicado á incorporación do alumnado desde o bacharelato LOMCE e outros sistemas extinguidos (páx. 20 e seguintes).
- O alumnado de **segundo de bacharelato** que solicite o cambio de modalidade ou de itinerario:
  1. Deberá cursar, da nova modalidade –ou do novo itinerario– as materias troncais xerais de segundo e as de primeiro que non tivese superadas.
  2. Deberá cursar a materia xeral do bloque de materias troncais xeral do primeiro curso propia da nova modalidade ou do novo itinerario (Matemáticas I, Matemáticas aplicas ás Ciencias Sociais I, Latín ou Fundamentos da Arte I). En caso de que algunha destas materias non sexa ofertada polo centro, o alumnado poderá cursala a distancia a través do IES San Clamente ou noutro centro que a oferte (ver matrícula simultánea con outro centro que imparta bacharelato, páx. 17).
  3. Non será necesaria a superación da materia xeral do bloque de materias troncais propia do primeiro curso da modalidade ou do itinerario que abandona.
  4. A materia xeral superada de primeiro curso do bloque de materias troncais propia da modalidade ou do itinerario que abandona (Matemáticas I, Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I, Latín I ou Fundamentos da Arte I) poderá computarse como materia específica de primeiro curso da nova modalidade ou do novo itinerario.
  5. Da nova modalidade, deberá cursar dúas materias do bloque de materias troncais de opción de segundo curso e, polo menos, unha de primeiro curso.
  6. As materias troncais de opción de primeiro curso superadas, da modalidade que abandona, poderán computarse unha delas como materia troncal de opción da nova modalidade, e outra como materia específica de primeiro da nova modalidade.

		Modalidade que abandona	Modalidade que escolle: debe cursar
1º curso	Materias troncais xerais	<ul style="list-style-type: none"> <li>Filosofía</li> <li>Lingua Castelá e Literatura I</li> <li>Primeira Lingua Estranxeira I</li> <li><b>Materia troncal propia da modalidade</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Filosofía</li> <li>Lingua Castelá I</li> <li>Primeira Lingua Estranxeira I</li> <li><b>Materia troncal propia da nova modalidade</b></li> </ul>
	Materias troncais de opción	<ul style="list-style-type: none"> <li><b>1ª materia troncal de opción</b></li> <li><b>2ª materia troncal de opción</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li><b>Unha materia troncal de opción da modalidade que abandona, como materia troncal de opción de 1º da nova modalidade</b></li> <li>Unha materia troncal de opción de 1º da nova modalidade</li> </ul>
	Materias específicas	<ul style="list-style-type: none"> <li>1ª materia específica</li> <li>2ª materia específica</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li><b>A materia troncal xeral da modalidade que abandona, como materia específica da nova modalidade</b></li> <li><b>A outra materia troncal de opción de 1º da modalidade que abandona, como materia específica de 1º da nova modalidade</b></li> <li>Outra materia específica</li> </ul>
	Materia de l. configurac. autonómica	<ul style="list-style-type: none"> <li>Lingua Galega e Literatura I</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Lingua Galega e Literatura I</li> </ul>
2º curso	Materias troncais xerais	<ul style="list-style-type: none"> <li><b>Materia troncal propia da modalidade</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li><b>Materia troncal propia da nova modalidade</b></li> </ul>
	Materias troncais de opción	<ul style="list-style-type: none"> <li><b>1ª materia troncal de opción</b></li> <li><b>2ª materia troncal de opción</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li><b>1ª materia troncal de opción da nova modalidade</b></li> <li><b>2ª materia troncal de opción da nova modalidade</b></li> </ul>
	Materias específicas	<ul style="list-style-type: none"> <li>1ª materia específica</li> <li>2ª materia específica</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>1ª materia específica</li> <li>2ª materia específica</li> <li><b>Podería ser tamén:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li><b>Materia troncal propia da modalidade que abandona</b></li> <li><b>1ª materia troncal de opción da modalidade que abandona</b></li> <li><b>2ª materia troncal de opción da modalidade que abandona</b></li> </ul> </li> </ul>
	Materia de l. configurac. autonómica	<ul style="list-style-type: none"> <li>Lingua Galega e Literatura II</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Lingua Galega e Literatura II</li> </ul>

## Cambio de idioma na Primeira Lingua Estranxeira

O alumnado que no segundo curso de bacharelato cambie o idioma da materia Primeira Lingua Estranxeira II deberá cursar simultaneamente a materia de primeiro curso e será requisito indispensable a **superación previa da materia de primeiro** para poder ser avaliado da de segundo.

## Cambio de idioma na Segunda Lingua Estranxeira

O alumnado que no segundo curso de bacharelato cambie o idioma da materia Segunda Lingua Estranxeira II poderá cursar simultaneamente a materia de primeiro curso ou acreditar os coñecementos correspondentes á materia de primeiro.

## Cambio de materias troncais de opción ou específicas

O alumnado poderá solicitar á dirección do centro o cambio de materias durante os dous primeiros meses do **primeiro curso**.

Ao efectuar a matrícula, o alumnado de **segundo curso** con avaliación negativa nalgunha materia de opción do bloque de materias troncais, ou nalgunha materia específica de primeiro ou de segundo, poderá optar por matricularse novamente nesa materia ou por substituíla por outra materia do mesmo grupo. En calquera caso, a materia ou materias polas que se substitúa deberán sumar o mesmo número de horas que corresponden á materia que abandona.

O alumnado de segundo curso de bacharelato que opte pola modalidade de **Humanidades e Ciencias Sociais** deberá cursar a materia de **Historia da Filosofía**. No caso do alumnado que nos cursos 2015-2016, 2016-2017 e 2017-2018 realizou os estudos de segundo de bacharelato desta modalidade e finalizou con materias suspensas, só deberá matricularse en Historia da Filosofía:

- a) Cando teña suspensas as dúas materias troncais de opción.
- b) Ou cando cando teña suspensa unha das dúas materias troncais de opción e decida abandonar esa matrícula e matricularse nunha nova materia.

## Validacións

### Alumnado con título de Técnica ou Técnico de Formación Profesional

Para obter o título de bacharelato pola modalidade **Xeral** poderá matricularse en **primeiro de bacharelato** unicamente das materias comúns.

O alumnado con título de Técnica ou Técnico de FP que cumpra as condicións de promoción ao **segundo curso de bacharelato** e desexe obter o título de bacharelato poderá matricularse unicamente das materias xerais do bloque de materias troncais da modalidade de bacharelato elixida e da materia de Lingua e Literatura Galega.

### Alumnado con título de Técnica ou Técnico Superior de Formación Profesional

A disposición transitoria segunda da Orde de 25 de xaneiro de 2022, establece que, ata a implantación das modificacións introducidas pola Lei orgánica 3/2020 (LOMLOE) no currículo, na organización e nos obxectivos das ensinanzas de bacharelato no curso 2023-2024, o alumnado en



posesión dun título de Técnica ou Técnico Superior de Formación Profesional que no **curso 2020-2021** cursase e superase polo menos dúas das materias troncais xerais de primeiro curso dunha modalidade de bacharelato, poderá obter o título de bacharel nesa modalidade mediante a superación das restantes materias troncais xerais de primeiro e segundo curso.

## **Alumnado con título de Técnica ou Técnico das Ensinanzas Profesionais de Música ou de Danza**

Para obter o título de bacharelato pola modalidade de **Artes**, poderá matricularse **en primeiro de bacharelato** unicamente das materias comúns.

O alumnado con título de Técnica ou Técnico das Ensinanzas Profesionais de Música ou de Danza que cumpra as condicións de promoción ao **segundo curso de bacharelato** e desexe obter o título de bacharelato na modalidade de Artes poderá matricularse unicamente das materias xerais do bloque de materias troncais desa modalidade de bacharelato e da materia de Lingua e Literatura Galega.

Do mesmo xeito, ata a implantación das modificacións introducidas pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, no currículo, na organización e nos obxectivos das ensinanzas de bacharelato no curso 2023-2024, o alumnado en posesión dun título profesional de Música ou de Danza que no **curso 2020-2021** cursase primeiro curso de bacharelato por unha modalidade diferente a Artes e superase polo menos a materia troncal xeral de primeiro curso correspondente á devandita modalidade, poderá obter o título de bacharel mediante a superación das restantes materias troncais xerais de primeiro e segundo curso que correspondan á modalidade elixida.

## **Alumnado co título de Técnica ou Técnico de Artes Plásticas e Deseño**

Para obter o título de bacharelato pola modalidade de **Artes**, poderá matricularse **en primeiro de bacharelato** unicamente das materias comúns.

O alumnado con título de Técnica ou Técnico de **Artes Plásticas e Deseño** que cumpra as condicións de promoción ao **segundo curso de bacharelato** e desexe obter o título de bacharelato na modalidade de Artes poderá matricularse unicamente das materias xerais do bloque de materias troncais desa modalidade de bacharelato e da materia de Lingua e Literatura Galega.

## Validación de materias de bacharelato con determinadas materias das ensinanzas profesionais de música e danza

Poderá solicitar a validación o alumnado que este cursando ou teña cursado ensinanzas profesionais de Música e de Danza.

Materia de bacharelato que se valida	Materia das ensinanzas profesionais de música coa cal se valida
Análise musical I	2º curso de Harmonía
Análise musical II	1º curso de Análise
Historia da Música e da Danza	1º e 2º cursos de Historia da Música
Linguaxe e Práctica Musical	3º curso de instrumento principal ou voz

Materia de bacharelato que se valida	Materia das ensinanzas profesionais de danza coa cal se valida
Anatomía aplicada	1º e 2º cursos de Anatomía Aplicada á Danza
Historia da Música e da Danza	1º e 2º cursos de Historia da Danza
Linguaxe e Práctica Musical	3º curso de Música

Materia de bacharelato que se valida	Materia das ensinanzas profesionais de música e danza coa cal se valida
Unha materia específica/optativa de 1º de bacharelato	1º curso das materias de Orquestra, Banda ou Coro
Unha materia específica/optativa de 2º de bacharelato	2º curso das materias de Orquestra, Banda ou Coro
Unha materia específica/optativa de 1º de bacharelato	1º curso de Acondicionamento Físico
Unha materia específica de 2º de bacharelato	2º curso de Acondicionamento Físico

## Simultaneidade de estudos

### Matrícula simultánea con outro centro que imparta bacharelato

Cando algún alumno desexe cursar algunha **materia de modalidade** que non se imparta no seu centro, este facilitará ao alumnado que a curse noutro centro próximo, sempre que a organización dos horarios de ambos os dous o permitan.

No caso de que o/a alumno/a curse esta materia no IES San Clemente, o centro de orixe solicitará as instrucións técnicas precisas no Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial e Aprendizaxe Permanente ([educadultos@edu.xunta.gal](mailto:educadultos@edu.xunta.gal)) para dar de alta no XADE á xefatura de estudos do IES San Clemente para que introduza a cualificación correspondente. A acta deberá asinala a dirección do centro de

orixe. Ese alumnado realizará as probas escritas de avaliación das materias en que sexa atendido no IES San Clemente da mesma maneira e nos mesmos lugares que o resto do alumnado dese centro.

## Simultaneidade das ensinanzas de bacharelato con ensinanzas profesionais de Música ou de Danza

O alumnado que estea matriculado nos **dous últimos cursos** das ensinanzas profesionais de Música ou de Danza poderá cursar simultaneamente estudos de bacharelato, tanto na modalidade ordinaria como na de persoas adultas, sempre que acredite estar matriculado nesas ensinanzas profesionais. Este alumnado poderá formalizar a matrícula en calquera centro con oferta de bacharelato con independencia da modalidade.

Cando a matrícula simultánea sexa con ensinanzas de **primeiro de bacharelato**, este alumnado poderá cursar unicamente as materias comúns nos termos establecidos anteriormente.

O alumnado que cumpra as condicións de promoción ao **segundo curso de bacharelato** poderá matricularse unicamente das materias xerais do bloque de materias troncais da modalidade de **Artes** e da materia de Lingua e Literatura Galega.

No caso de ter estado matriculado, en cursos anteriores, nestas ensinanzas de xeito simultáneo e non ter obtido o título de bacharel por non superar as ensinanzas profesionais de música ou de danza, poderá matricularse en segundo de bacharelato das materias que lle restan para obter o título. Se ao termo do curso acredita que superou as ensinanzas de música ou de danza poderá obter o título de bacharel.

## Simultaneidade das ensinanzas de bacharelato con ciclos formativos

Será posible realizar a matrícula simultánea en ciclos formativos e bacharelato, coa autorización do Servizo de Inspección Educativa, sempre que existan prazas dispoñibles e non haxa listaxe de espera logo de rematado o proceso de admisión, e exista unha compatibilidade horaria mínima do 90 %. Enténdese como compatibilidade horaria que os dous horarios non se solapan máis do 10% das horas do horario de máis duración (contabilización por horario completo) ou que non hai ningún módulo no que se solape máis do 10% das horas do módulo (contabilización por módulo), en calquera caso escollerase a opción máis favorable para o alumno ou alumna.

Normativa aplicable: artigo 6 da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial (DOG do 15).

## Exencións

### Exención de Educación Física

As persoas que realicen estudos das **ensinanzas profesionais de danza** e os **deportistas de alto nivel** ou de alto rendemento poden solicitar a exención da materia de Educación Física. Matricularase nesta materia específica e rexistrarse a exención en XADE.

## Exención de Lingua Galega e Literatura

O alumnado que se incorpore ao sistema educativo de Galicia procedente doutro país, doutra Comunidade autónoma ou que pasase **máis de tres cursos académicos fóra de Galicia** poderá solicitar a exención durante un máximo de dous cursos académicos consecutivos.

## Aspectos específicos

### Aspectos específicos para o alumnado de 2º de bacharelato pola modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais

- O alumnado que realizou estudos de segundo de bacharelato na modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais e finalizou con materias suspensas, deberá matricularse da materia de Historia da Filosofía nos seguintes casos:
  - Cando teña suspensas as dúas materias troncais de opción.
  - Cando teña suspensa unha das dúas materias troncais de opción e decida abandonar esa materia e matricularse nunha materia nova.

### Aspectos específicos para o alumnado da modalidade presencial

- Cando a matrícula se formalice por materias non se poderá superar a carga lectiva semanal de **trinta e dous períodos lectivos**.
- O alumno ou a alumna non poderá estar matriculado ou matriculada no bacharelato de adultos pola modalidade presencial máis de seis anos, consecutivos ou non consecutivos. Na modalidade a distancia non hai límite.
- Para a promoción do primeiro ao segundo curso, no caso do alumnado matriculado por curso completo, será preciso que o alumno ou a alumna supere todas as materias ou que teña dúas avaliadas negativamente como máximo. Neste último caso, esas materias terán a mesma consideración que as **materias pendentes** do réxime ordinario de bacharelato. No caso de ter máis de dúas materias avaliadas negativamente, o alumno ou a alumna poderá realizar a matrícula por materias.

### Aspectos específicos para o alumnado que se incorpora ao bacharelato para persoas adultas desde o réxime ordinario

- O alumnado que se incorpore ao bacharelato para persoas adultas con materias superadas do bacharelato ordinario conservará a cualificación positiva desta no réxime de persoas adultas. Se o alumno ou a alumna repetiu curso completo en primeiro de bacharelato polo réxime ordinario, só se lle terán en conta as materias superadas no último ano académico no que estivo matriculado en primeiro de bacharelato.
- **As materias de libre configuración autonómica elixibles polo centro** (Antropoloxía, Literaturas Hispánicas, Robótica, Coeducación para o Século XXI, Ética e Filosofía do Dereito, Filosofía da Ciencia e da Tecnoloxía, Métodos Estatísticos e Numéricos, Xeografía e Historia de Galicia, Patrimonio Artístico e Cultural de Galicia, Electrotecnia, e Literatura Galega do Século XX e da Actualidade) e as materias de libre configuración de centro superadas no bacharelato ordinario **NON computarán como materia específica** no bacharelato para persoas adultas.

## Incorporación desde o bacharelato LOMCE (Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.)

- Segundo establece a Resolución do 18 de xullo de 2022 no seu artigo 26, "o alumnado matriculado no **primeiro curso de bacharelato** deberá cursar as materias establecidas no artigo 22 da Resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23. "As materias establecidas nesa resolución corresponden ás definidas no **Decreto 157/2022**, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- No caso de ter cursado previamente materias do bacharelato LOMCE definidas polo decreto 86/2015 terá recoñecidas as equivalencias recollidas no seguinte cadro:

Correspondencia entre materias da Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE) e materias establecidas na Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOMLOE).	
Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)	Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOMLOE)
Bioloxía e Xeoloxía Cultura Audiovisual I Tecnoloxía Industrial I Primeira Lingua Estranxeira I	Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais Cultura Audiovisual Tecnoloxía e Enxeñaría I Lingua Estranxeira I
Correspondencia entre materias para a incorporación á modalidade Xeral.	
Matemáticas I Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I	Matemáticas Xerais

- No mesmo artigo 26 establécese que "o alumnado matriculado no **segundo curso de bacharelato** deberá cursar as materias establecidas no artigo 26 de dita resolución e poderá rematar ata o **curso 2023-2024** os seus estudos de bacharelato consonte a estrutura establecida nos artigos 30 e 31 do **Decreto 86/2015**, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia."
- O alumnado que se matricule no curso académico 2022-2023 no segundo curso do bacharelato e teña **materias pendentes** de primeiro curso ou teña que cursalas como pendentes poderá recuperalas durante o curso 2022-2023 co currículo da materia que se extingue. De non superalas durante este curso, **a partir do curso 2023-2024** terá que facelo **co novo currículo** nas condicións que se determinen.

- No caso do alumnado **matriculado por materias** con materias non superadas de primeiro de bacharelato, estas terán que cursarse coa denominación e o currículo establecido no **Decreto 157/2022**, de 15 de setembro. Para isto establécense as anteriores equivalencias entre as materias que cambian de denominación no novo currículo.

## Estrutura do bacharelato LOMCE, de acordo co Decreto 86/2015 do 25 de xuño

### Primeiro de bacharelato

		Modalidade de Ciencias	Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais		Modalidade de Artes
			Itinerario de Humanidades	Itinerario de Ciencias Sociais	
Materias troncais	Xerais	<ul style="list-style-type: none"> <li>Filosofía (C)</li> <li>Lingua Castelá e Literatura I (C)</li> <li>Primeira Lingua Estranxeira I (C)</li> <li>Matemáticas I (MOB)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Filosofía (C)</li> <li>Lingua Castelá e Literatura I (C)</li> <li>Primeira Lingua Estranxeira I (C)</li> <li>Latín I (MOB/MOP)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Filosofía (C)</li> <li>Lingua Castelá e Literatura I (C)</li> <li>Primeira Lingua Estranxeira I (C)</li> <li>Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I (MOB/MOP)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Filosofía (C)</li> <li>Lingua Castelá e Literatura I (C)</li> <li>Primeira Lingua Estranxeira I (C)</li> <li>Fundamentos da Arte I *</li> </ul>
	De opción <b>Elixir 2</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Bioloxía e Xeoloxía (MOP)</li> <li>Debuxo Técnico I (MOP)</li> <li>Física e Química (MOP)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Economía (MOP)</li> <li>Grego I (MOP)</li> <li>Historia do Mundo Contemporáneo (MOP)</li> <li>Literatura Universal (MOP)</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>Cultura Audiovisual I (MOP)</li> <li>Historia do Mundo Contemporáneo (OP)</li> <li>Literatura Universal (OP)</li> </ul>
Materias específicas		<ul style="list-style-type: none"> <li>Educación Física (C)</li> </ul>			
		<b>Elixir 2</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Análise Musical I (OP ou MOB/MOP[a2])</li> <li>Anatomía Aplicada (OP)</li> <li>Cultura Científica (OP)</li> <li>Debuxo Artístico I (OP ou MOB[a1])</li> <li>Linguaxe e Práctica Musical (OP ou MOP[a2])</li> <li>Relixión<sup>2</sup></li> <li>Segunda Lingua Estranxeira I (OP)</li> <li>Tecnoloxía Industrial I (OP ou MOP[ct])</li> <li>Tecnoloxías da Información e da Comunicación I (OP)</li> <li>Volume (OP ou MOP[a1])</li> <li>Unha materia do <b>bloque de materias troncais</b> non cursada polo alumno ou a alumna, que será considerada específica para todos os efectos</li> </ul>		
Materias libre conf. autonómica		<ul style="list-style-type: none"> <li>Lingua Galega e Literatura I (C)</li> </ul>			

\* Con asterisco, a materia que non figura no Decreto 157/2022, e da que non se estableceu correspondencia cunha materia do novo sistema (ver cadro da páxina anterior).

Entre parénteses, a situación curricular de cada materia no currículo actual: Común (C), de Modalidade Obrigatoria (MOB), de Modalidade Optativa (MOP) ou Optativa (OP). Cando a situación curricular da materia depende da modalidade de bacharelato cursada, este feito está indicado entre corchetes [...]: modalidade de Ciencias e Tecnoloxía [ct], modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais [hcs] ou modalidade de Artes [a], pola vía de Artes Plásticas, Imaxe e Deseño [a1] ou pola vía de Música e Artes Escénicas [a2].

2 O alumnado do réxime de adultos poderá elixir cursar ou non a materia de Relixión, pero non se ofrece a posibilidade de alternativa a esta materia neste réxime.

## Segundo de bacharelato

		Modalidade de Ciencias	Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais		Modalidade de Artes
			Itinerario de Humanidades	Itinerario de Ciencias Sociais	
Materias troncais	Xerais	<ul style="list-style-type: none"> <li>Historia de España</li> <li>Lingua Castelá e Literatura II</li> <li>Primeira Lingua Estranxeira II</li> <li>Matemáticas II</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Historia de España</li> <li>Lingua Castelá e Literatura II</li> <li>Primeira Lingua Estranxeira II</li> <li>Latín II</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Historia de España</li> <li>Lingua Castelá e Literatura II</li> <li>Primeira Lingua Estranxeira II</li> <li>Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Historia de España</li> <li>Lingua Castelá e Literatura II</li> <li>Primeira Lingua Estranxeira II</li> <li>Fundamentos da Arte II</li> </ul>
	De opción <b>Elixir 2</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Bioloxía</li> <li>Debuxo Técnico II</li> <li>Física</li> <li>Xeoloxía</li> <li>Química</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Historia da Filosofía</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Economía da Empresa</li> <li>Xeografía</li> <li>Grego II</li> <li>Historia da Arte</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Artes Escénicas</li> <li>Cultura Audiovisual II</li> <li>Deseño</li> </ul>
Materias específicas	<b>Elixir 2</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Historia da Filosofía <sup>(1)</sup></li> <li>Análise Musical II</li> <li>Ciencias da Terra e do Medio Ambiente</li> <li>Debuxo Artístico II</li> <li>Fundamentos de Administración e Xestión</li> <li>Historia da Música e da Danza</li> <li>Imaxe e Son</li> <li>Psicoloxía</li> <li>Relixión</li> <li>Segunda Lingua Estranxeira II</li> <li>Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica</li> <li>Tecnoloxía Industrial II</li> <li>Tecnoloxías da Información e da Comunicación II</li> <li>Unha materia do <b>bloque de materias troncais</b> non cursada polo alumno ou a alumna, que será considerada específica para todos os efectos.</li> </ul>			
Mat libre conf. aut.		<ul style="list-style-type: none"> <li>Lingua Galega e Literatura II</li> </ul>			

<sup>(1)</sup> Na modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais non se oferta como específica xa que é troncal de opción obrigatoria. [Orde do 19 de abril de 2018; *DOG* 25/4/18]



## Incorporación desde o bacharelato LOE (Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación)

No caso do alumnado que cursou estudos de bacharelato de acordo co establecido no **Decreto 126/2008**, do 19 de xuño, temos que proceder de xeito diferente dependendo de se a alumna ou alumno se vai matricular de materias de segundo de bacharelato ou só de primeiro.

- En caso de matricularse dalgunha materia de segundo curso de bacharelato, este alumnado adaptará a súa matrícula á estrutura e currículo establecidos no **Decreto 86/2015**, do 25 de xuño e concretada para o caso do réxime para persoas adultas pola Resolución do 18 de xullo de 2022. A tal efecto establécense as seguintes equivalencias entre materias:

Correspondencia entre materias da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación e materias establecidas na Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)	
Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE)	Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)
Cultura audiovisual Filosofía e cidadanía Tecnoloxías da información e a comunicación Lingua estranxeira I Lingua estranxeira II Ciencias da Terra e ambientais Ciencias para o mundo contemporáneo	Cultura Audiovisual I Filosofía Tecnoloxías da Información e a Comunicación I Primeira Lingua Estranxeira I Primeira Lingua Estranxeira II Ciencias da Terra e do Medio Ambiente Cultura Científica

- No caso do alumnado que se matricule **só de materias de primeiro curso** de bacharelato, este deberá adaptar a súa matrícula á estrutura e currículo establecidos no **Decreto 157/2022**, do 15 de setembro, concretado para o caso do réxime para persoas adultas na Resolución do 18 de xullo de 2022. Para a equivalencia entre as materias dos currículos vixentes e os dos sistemas extinguidos anteriores pódese consultar o cadro do Anexo I.

## Estrutura do bacharelato LOE, de acordo co Decreto 126/2008 do 19 de xuño

### Primeiro de bacharelato

	Modalidade de ciencias e tecnoloxía	Modalidade de humanidades e ciencias sociais	Modalidade de Artes	
			Vía de artes plásticas, deseño e imaxe	Vía de artes escénicas, música e danza
Materias de modalidade	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Matemáticas I (MOB/TX)</li> <li>▪ Física e química (MOP/TO)</li> <li>▪ Bioloxía e xeoloxía (MOP/TO)</li> <li>▪ Debuxo técnico I (MOP/TO)</li> <li>▪ Tecnoloxía industrial I (MOP/EOP)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Historia do mundo contem. (MOP/TO)</li> <li>▪ Latín I (MOB/MOP/TX)</li> <li>▪ Grego I (MOP/TO)</li> <li>▪ Matemát. aplicadas ás ciencias sociais I (MOB/MOP/TX)</li> <li>▪ Economía (MOP/TO)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cultura audiovisual (MOP/TO)</li> <li>▪ Debuxo artístico I (MOB/EOP)</li> <li>▪ Debuxo técnico I (OP/TO)</li> <li>▪ Volume (MOP/EOP)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cultura audiovisual (MOP/TO)</li> <li>▪ Análise musical I (MOB/MOP/EOP)</li> <li>▪ Anatomía aplicada (OP/EOP)</li> <li>▪ Linguaxe e práctica musical (MOP/EOP)</li> </ul>
Materias optativas	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Segunda lingua estranxeira (OP/EOP)</li> <li>▪ Música (*/*)</li> <li>▪ Tecnoloxías da información e da comunicación (OP/EOP)</li> <li>▪ Antropoloxía (OP/LCA)</li> <li>▪ Literaturas hispánicas (*/*LCA)</li> <li>▪ Unha materia de modalidade non cursada</li> </ul>			
Materias comúns	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Lingua galega e literatura I (C/LCA)</li> <li>▪ Lingua castelá e literatura I (C/TX)</li> <li>▪ Lingua estranxeira I (C/TX)</li> <li>▪ Filosofía e cidadanía (C/TX)</li> <li>▪ Educación física (C/EOB)</li> <li>▪ Ciencias para o mundo contemporáneo (OP/EOP)</li> <li>▪ Relixión (<sup>3</sup>/EOP)</li> </ul>			

\* Con asterisco, as materias que non figuran no Decreto<sup>4</sup> 157/2022, e das que non se estableceu correspondencia cunha materia do novo sistema (ver cadro da páxina anterior).

Entre parénteses, a situación curricular de cada materia no currículo actual: Común (C), de Modalidade Obrigatoria (MOB), de Modalidade Optativa (MOP) ou Optativa (OP). En cor azul aparece tamén a situación curricular dentro da estrutura establecida no Decreto 86/2015 para o alumnado que cursa algunha materia de segundo de bacharelato: TX: Troncal Xeral; TO: Troncal de Opción; EOP: Específica de Opción; EOB: Específica Obrigatoria; LCA: Libre Configuración Autónoma.

3 A materia de Relixión ten un tratamento diferenciado na LOMLOE e non está incluída en ningunha das categorías definidas para o resto de materias. O alumnado poderá elixir cursar ou non a materia de Relixión, pero non se ofrece a posibilidade de alternativa a esta materia neste réxime.

4 Tampouco está recollida no Decreto 86/2015 nin na Orde do 15 de xullo de 2015, na Orde do 13 de xullo de 2016, na Orde do 3 de agosto de 2017 ou na Orde do 7 de agosto de 2018, que regulan as materias de libre configuración autónoma.

## Segundo de bacharelato

	Modalidade de ciencias e tecnoloxía	Modalidade de humanidades e ciencias sociais	Modalidade de Artes	
			Vía de artes plásticas, deseño e imaxe	Vía de artes escénicas, música e danza
Materias de modalidade	<ul style="list-style-type: none"> <li>Matemáticas II (TX)</li> <li>Bioloxía (TO)</li> <li>Ciencias da Terra e ambientais (EOP)</li> <li>Física (TO)</li> <li>Química (TO)</li> <li>Debuxo Técnico II (TO)</li> <li>Tecnoloxía industrial II (EOP)</li> <li>Electrotecnia (LCA)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Xeografía (TO)</li> <li>Latín II (TX)</li> <li>Grego II (TO)</li> <li>Matemát. aplicadas ás ciencias sociais II (TX)</li> <li>Economía de empresa (TO)</li> <li>Historia da arte (TO)</li> <li>Literatura universal (EOP)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Técnicas de expresión gráfico-plástica (EOP)</li> <li>Debuxo artístico II (EOP)</li> <li>Historia da arte (TO)</li> <li>Deseño (TO)</li> <li>Debuxo Técnico II (TO)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Historia da música e da danza (EOP)</li> <li>Artes escénicas (TO)</li> <li>Literatura universal (TO de 1º curso)</li> <li>Análise musical II (EOP)</li> </ul>
Materias optativas	<ul style="list-style-type: none"> <li>Segunda lingua estranxeira II (EOP)</li> <li>Ética e filosofía do dereito (LCA)</li> <li>Filosofía da ciencia e da tecnoloxía (LCA)</li> <li>Métodos estatísticos e numéricos (LCA)</li> <li>Xeografía e historia de Galicia (LCA)</li> <li>Literatura galega do século XX e da actualidade (OP<sup>5</sup>/LCA)</li> </ul>			
Materias comúns	<ul style="list-style-type: none"> <li>Lingua galega e literatura II (LCA)</li> <li>Lingua castelá e literatura II (TX)</li> <li>Lingua estranxeira II (TX)</li> <li>Historia de España (TX)</li> <li>Historia da filosofía (TO obrigatoria ou EOP)</li> </ul>			

Entre parénteses, a situación curricular de cada materia no currículo actual: TX: Troncal Xeral; TO: Troncal de Opción; EOP: Específica de Opción; EOB: Específica Obrigatoria; LCA: Libre Configuración Autónoma.

5 No currículo definido polo Decreto 157/2022 a materia de Literatura Galega do Século XX e da actualidade aparece como materia optativa de primeiro curso de bacharelato.

## Incorporación desde o bacharelato LOXSE (Lei Orgánica de Ordenación Xeral do Sistema Educativo do 3 de outubro de 1990)

---

- O alumnado que cursou e superou materias de bacharelato de acordo co establecido no Decreto 275/1994, de 29 de xullo, polo que se establece o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (*DOG* do 31 de agosto) e o alumnado que as cursou de acordo co establecido no Decreto 231/2002, de 6 de xuño (*DOG* do 15 de xullo) polo que se modifica o anterior **adaptará a súa matrícula á estrutura e currículo vixentes**, segundo establece a Resolución de 18 de xullo de 2022. De novo teremos que proceder de xeito diferente segundo a alumna ou o alumno se vaia matricular de materias de segundo de bacharelato ou só de primeiro.
- O alumnado matriculado unicamente de materias correspondentes ao primeiro curso de bacharelato terá que adaptar a súa matrícula á estrutura e currículo definidos polo **Decreto 157/2022**, do 15 de setembro.
- En caso de matricularse dalgunha materia de segundo curso de bacharelato, este alumnado adaptará a súa matrícula á estrutura e currículo establecidos no **Decreto 86/2015**, do 25 de xuño.
- O alumnado que teña **materias pendentes** de primeiro curso ou teña que cursalas como pendentes poderá recuperalas durante o curso 2022-2023 co currículo da materia segundo se define no Decreto 86/2015. De non superalas durante ese curso, a partir do curso 2023-2024 terá que facelo co novo currículo nas condicións que se determinen (Disposición transitoria segunda).
- As equivalencias entre as materias de sistemas extinguidos e as correspondentes aos currículos actualmente vixentes están recollidas no cadro do Anexo I.

## Estrutura do bacharelato LOXSE, de acordo co Decreto 231/2002 do 6 de xuño

### Primeiro de bacharelato

	Modalidade de ciencias da natureza e da saúde	Modalidade de tecnoloxía	Modalidade de humanidades e ciencias sociais	Modalidade de artes
Materias de modalidade	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Matemáticas I (MOB/TX)</li> <li>▪ Física e química (MOP/TO)</li> <li>▪ Bioloxía e xeoloxía (MOP/TO)</li> <li>▪ Debuxo técnico I (MOP/TO)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Matemáticas I (MOB/TX)</li> <li>▪ Debuxo técnico I (MOP/TO)</li> <li>▪ Tecnoloxía industrial I (MOP/EOP)</li> <li>▪ Física e química (MOP/TO)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Latín I (MOB/MOP/TX)</li> <li>▪ Grego I (MOP/TO)</li> <li>▪ Matemát. aplicadas ás ciencias sociais I (MOB/MOP/TX)</li> <li>▪ Economía (MOP/TO)</li> <li>▪ Historia do mundo contem. (MOP/TO)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Debuxo artístico I (MOB/EOP)</li> <li>▪ Debuxo técnico I (OP/TO)</li> <li>▪ Volume (MOP/EOP)</li> </ul>
Materias comúns	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Lingua galega e literatura I (C/LCA)</li> <li>▪ Lingua castelá e literatura I (C/TX)</li> <li>▪ Lingua estranxeira I (C/TX)</li> <li>▪ Filosofía I (C/TX)</li> <li>▪ Educación física (C/EOP)</li> </ul>			

Entre parénteses, a situación curricular de cada materia no currículo actual: Común (C), de Modalidade Obrigatoria (MOB), de Modalidade Optativa (MOP) ou Optativa (OP). En cor azul aparece tamén a situación curricular dentro da estrutura establecida no Decreto 86/2015 para o alumnado que cursa algunha materia de segundo de bacharelato: TX: Troncal Xeral; TO: Troncal de Opción; EOP: Específica de Opción; EOB: Específica Obrigatoria; LCA: Libre Configuración Autónoma.

### Segundo de bacharelato

	Modalidade de ciencias da natureza e da saúde	Modalidade de tecnoloxía	Modalidade de humanidades e ciencias sociais	Modalidade de artes
Materias de modalidade	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Matemáticas II (TX)</li> <li>▪ Bioloxía (TO)</li> <li>▪ Ciencias da Terra e do ambiente (EOP)</li> <li>▪ Física (TO)</li> <li>▪ Química (TO)</li> <li>▪ Debuxo técnico II (TO)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Matemáticas II (TX)</li> <li>▪ Tecnoloxía industrial II (EOP)</li> <li>▪ Electrotecnia (LCA)</li> <li>▪ Mecánica *</li> <li>▪ Física (TO)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Latín II (TX)</li> <li>▪ Grego II (TO)</li> <li>▪ Matemát. aplicadas ás ciencias sociais II (TX)</li> <li>▪ Economía e organización de empresas (TO)</li> <li>▪ Historia da arte (TO)</li> <li>▪ Xeografía (TO)</li> <li>▪ Historia da música (EOP)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Debuxo artístico II (EOP)</li> <li>▪ Historia da arte (TO)</li> <li>▪ Técnicas de expresión gráfico-plástica (EOP)</li> <li>▪ Fundamentos do deseño (TO)</li> <li>▪ Imaxe (TO)</li> <li>▪ Debuxo técnico II (TO)</li> </ul>
Materias comúns	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Lingua galega e literatura II (LCA)</li> <li>▪ Lingua castelá e literatura II (TX)</li> <li>▪ Lingua estranxeira II (TX)</li> <li>▪ Historia (equivale a Historia de España) (TX)</li> <li>▪ Filosofía II (equivale a Historia de Filosofía) (TO obrigatoria e EOP)</li> </ul>			

## Casos máis comúns de matriculación de alumnado procedente do bacharelato LOXSE

### 1. Alumnado que cursou 1º de bacharelato LOXSE e o teña superado completamente

- Este alumnado incorporárase a segundo de bacharelato segundo a LOMCE, en caso de ter materias pendentes terá que superalas ou substituílas por outras do mesmo bloque.
- Comprobar se o alumno ou a alumna **ten superadas as materias troncais xerais** (incluída a propia de modalidade/itinerario elixidos).
- En caso contrario, deberá cursalas. O caso está claro no alumnado que cursou a modalidade de Artes, xa que a materia de Fundamentos da Arte I non existía no currículo do bacharelato LOXSE. No caso do alumnado que cursou a modalidade de Tecnoloxía podería darse o caso de que teña superadas as materias troncais xerais pero só unha das dúas materias troncais de opción.

### 2. Alumnado que cursou 1º de bacharelato LOXSE e teña superadas algunhas materias

- No alumnado que procede do bacharelato ordinario, as materias superadas serán as correspondentes á última matrícula oficial (en caso de que repetira primeiro curso).
- Este alumnado pode optar por incorporarse ao novo bacharelato LOMLOE para o que se tería que matricular **unicamente de materias de primeiro** ou incorporarse ao bacharelato LOMCE que se extingue no curso 2023-2024, pero neste caso deberá matricularse dalgunha materia de segundo.
- Para completar os estudos de **primeiro polo currículo de bacharelato LOMLOE** deberá cursar e superar todas as materias non superadas establecidas no Decreto 157/2022, **sen matricularse de materias de segundo curso**.
- Deberá cursar e superar, polo tanto, as cinco materias comúns, unha materia de modalidade obrigatoria e dúas de opción, así como unha optativa. O alumnado do réxime de adultos poderá elixir cursar ou non a materia de Relixión, **pero non se ofrece a posibilidade de alternativa a esta materia neste réxime**.
- En caso de matricularse dalgunha materia de **segundo curso de bacharelato**, deberá adaptar a súa matrícula á estrutura e currículo LOMCE (Decreto 86/2015). As observacións realizadas no punto anterior valen tamén, lóxicamente, neste caso.
- Para completar os estudos de primeiro de bacharelato LOMCE, deberá cursar e superar, polo tanto, as catro materias troncais xerais, dúas materias troncais de opción, a materia específica obrigatoria de Educación Física, se non está exento dela, dúas materias específicas de opción e a materia de libre configuración autonómica Lingua Galega e Literatura I.
- Ademais haberá que ter en conta o establecido para todo o alumnado en relación coas materias da mesma denominación ou de continuidade (diferenciar entre as materias troncais xerais, que hai que cursar e superar antes de superar a correspondente de 2º e o resto das materias de continuidade, das que se pode cursar a de 2º acreditando previamente que se dispoñen dos coñecementos necesarios para cursala).

- En calquera caso, na modalidade presencial non se poderá superar o límite de 32 períodos lectivos establecidos para o alumnado do bacharelato de persoas adultas (artigo 7.4 da Orde do 20 de xullo de 2009 pola que se regulan as ensinanzas de bacharelato para persoas adultas, *DOG* do 31 de xullo).
- O alumnado que curse a modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais deberá cursar como materia troncal de opción Historia da Filosofía nos mesmos casos establecidos con carácter xeral para o resto do alumnado.
- Para as circunstancias de cambio de modalidade, cambio de lingua na materia de Primeira Lingua Estranxeira etc., seguiranse os criterios establecidos con carácter xeral para o resto do alumnado.

### **3. Alumnado que cursou 2º de bacharelato LOXSE con materias non superadas de 1º curso e teña materias non superadas de 1º e 2º cursos.**

- No alumnado que procede do bacharelato ordinario, as materias superadas serán as correspondentes a última matrícula oficial.
- O alumno ou alumna deberá completar o currículo do bacharelato LOMCE (Decreto 86/2015) en todos os seus aspectos. As observacións realizadas nos puntos anteriores para o alumnado de segundo de bacharelato valen tamén, lóxicamente, neste caso.
- No caso das materias troncais de opción, hai que recordar que o alumno ou alumna deberá ter cursadas para obter o título un total de catro materias, das que tres deben ser da mesma modalidade e dúas de segundo curso. Polo tanto, poderá adaptar o itinerario escollido a esta circunstancia tendo en conta as materias cursadas e superadas previamente. Por exemplo, escollendo unha materia troncal de opción doutra modalidade.

### **4. Alumnado que cursou 2º de bacharelato LOXSE e teña só materias de 2º non superadas.**

- No alumnado que procede do bacharelato ordinario, as materias non superadas serán as correspondentes á última matrícula oficial.
- O alumno deberá completar o currículo do bacharelato LOMCE (Decreto 86/2015) en todos os seus aspectos, tanto en 1º como en 2º curso.
- As observacións realizadas nos puntos anteriores son válidas tamén para este suposto.

## Incorporación desde os estudos regulados pola Lei 14/1970 Xeral de Educación, do 4 de agosto, desde o Programa Experimental de Reforma das Ensinanzas Medias (REM) ou co título de Técnico Deportivo.

Estudos ou títulos da Lei Xeral de Educación de 1970 e anteriores	Situación actual	Base legal
Con 2º de BUP superado cun máximo de dúas materias non superadas no conxunto de 1.º e 2.º cursos.	Accede aos estudos de 1º de bacharelato	Orde EDU/1603/2009, de 10 de xuño, do Ministerio de Educación, <i>BOE</i> 17 de xuño
Co título de Técnico Auxiliar de Formación Profesional de Primeiro Grao.	Accede aos estudos de 1º de bacharelato	LOE, 2006, Disposición adicional 31ª, <i>BOE</i> 4-V-2006
Seis cursos completos de Humanidades e un de Filosofía, ou cinco de Humanidades e dous de Filosofía da carreira eclesiástica.	Accede aos estudos de 1º de bacharelato	Orde EDU/520/2011, de 7 de marzo, do Ministerio de Educación, <i>BOE</i> 14 de marzo.
Co título de Técnico Deportivo, tras cursar as ensinanzas deportivas de Grao Medio.	Accede aos estudos de 1º de bacharelato	LOE, 2006, art. 65, <i>BOE</i> 4-V-2006
Cos estudos superados de primeiro ciclo do Programa Experimental de Reforma das Ensinanzas Medias (REM).	Accede aos estudos de 1º de bacharelato	Real Decreto 986/1991, de calendario da LOXSE ( <i>BOE</i> 25-6-91)
Con 3.º curso de BUP e título de bacharel (sen materias non superadas).	Accede aos estudos de 2º de bacharelato	Real Decreto 986/1991, de calendario da LOXSE ( <i>BOE</i> 25-6-91)
Con 1º curso dunha modalidade de bacharelato experimental (sen materias non superadas).	Accede aos estudos de 2º de bacharelato.	Real Decreto 986/1991, de calendario da LOXSE ( <i>BOE</i> 25-6-91).
Con 3.º de FP de Segundo Grao, Réxime Ensinanzas Especializadas.	Accede aos estudos de 2º de bacharelato	Real Decreto 986/1991, de calendario da LOXSE ( <i>BOE</i> 25-6-91).
Coa segunda especialidade ou Título de Graduado en Artes Aplicadas e Oficios.	Accede aos estudos de 2º de bacharelato	Real Decreto 986/1991, de calendario da LOXSE ( <i>BOE</i> 25-6-91).
Con 2.º de FP de 2.º Grao, Réxime Xeral.	Matricúlase en 2º de bacharelato en calquera das modalidades.	Real Decreto 986/1991, de calendario da LOXSE ( <i>BOE</i> 25-6-91)



## Programa de Reforma das Ensinanzas Medias (REM)

Desenvolveuse a partir de 1983 como transición cara ás reformas que desembocarían na LOXSE (1990). Estaba organizado en dous ciclos, cada un integrado por dous cursos.

A referencia legal é a Orde da Consellería de Educación de 20 de maio de 1987, *DOG* do 5 de xuño, onde se establece o currículo desas ensinanzas.

Para acceder ao primeiro ciclo de REM os alumnos tiñan que ter superado 7.º de EXB e cursado 8.º

O alumnado que superaba os dous cursos do primeiro ciclo tiña acceso ao 2.º ciclo, a 3.º de BUP ou a FP de 2.º grao. Polo tanto, o alumnado con ese primeiro ciclo superado ten a equivalencia con 2.º de BUP, o que lles dá acceso ao 1.º de bacharelato actual. Esa equivalencia está recollida no Real Decreto 986/1991 de Calendario da LOXSE.

Igualmente o alumnado con primeiro curso do 2.º ciclo de REM superado (1.º de bacharelato experimental) ten acceso a 2.º de bacharelato actual. Recóllese tamén no mencionado Real Decreto.

No Anexo II dese Real Decreto recóllese as equivalencias nestes termos:

Sistema experimental	Sistema novo
1º curso do primeiro ciclo experimental de reforma das ensinanzas medias	3º curso de educación secundaria obrigatoria
2º curso do primeiro ciclo experimental de reforma das ensinanzas medias	4º curso de educación secundaria obrigatoria e título de graduado en educación secundaria
1º curso dunha modalidade de Bacharelato experimental	1º curso de bacharelato
2º curso dunha modalidade de Bacharelato experimental	2º curso de bacharelato e título de bacharel

## Exemplos concretos de matriculación

### Exemplo 1: Alumnado que cursou estudos regulados pola LXE 1970 (Bacharelato unificado polivalente, BUP)

- Un alumno cursou no ano escolar 1986-87 1º de BUP no Instituto Galego de Bacharelato a Distancia (INGABAD) e superou todas as materias.
- No ano escolar seguinte cursou 2º de BUP e superou todas as materias entre as convocatorias de xuño e setembro.
- No ano escolar 1988-89 cursou 3º de BUP nun IES ordinario en horario nocturno. Non supera as materias de Lingua e Literatura Española, Educación Física e EATP Deseño.
- No ano escolar 1996-97, de novo no INGABAD, volve a cursar 3º de BUP e non supera Lingua e Literatura Española e EATP Deseño.

Este alumno, polo tanto, non ten superado o 3º de BUP polo que debe matricularse no 1º curso do bacharelato actual consonte ao currículo da LOMLOE (Decreto 157/2022).

### Exemplo 2: Alumnado procedente da REM

- Un alumno cursou o primeiro e segundo ciclo do programa de Reforma de Ensinanzas Medias nos anos escolares 1988-89, 1990-91 e 1991-92.
- Superou completamente o primeiro ciclo.
- No primeiro curso do segundo ciclo obtivo estas cualificacións:

Lingua Española	8
Lingua Galega	8
Lingua Estranxeira	8
Filosofía	---
Educación Física	10
Relixión/Ética	10
Matemáticas	5,5
Física/Química	8
Debuxo	---
Ampliación de Matemáticas	---
Ampliación de Química	---
Informática	---

O alumno ten cualificación positiva en todas as materias deste curso. As materias seguidas dun guión non teñen carga lectiva en 1º curso destas ensinanzas (Orde da Consellería de Educación de 20 de maio de 1987, *DOG* do 5 de xuño).

Polo tanto, como ten superado por completo o 1º curso do segundo ciclo da REM, pode matricularse en 2º curso do bacharelato LOMCE (Decreto 86/2015).

## Exemplo 3: Alumnado que cursou estudos regulados pola LOXSE.

### Modalidade de artes

- Alumno que no ano académico 1998-99 cursou 1º de bacharelato polo réxime ordinario pola modalidade de Artes. Supera todas as materias entre as convocatorias de xuño e setembro:
  - Lingua castelá e literatura I
  - Lingua galega e literatura I
  - Lingua estranxeira I
  - Relixión
  - Educación física
  - Filosofía I
  - Debuxo artístico I
  - Debuxo técnico I
  - Volume
  - Taller artístico (materia optativa)
- No ano escolar 1999-2000 e polo réxime ordinario cursa 2º curso. Supera:
  - Debuxo artístico II
  - Imaxe (que equivale á materia Cultura Audiovisual I do Decreto 86/2015)
  - Técnicas de expresión gráfico-plástica.
- No ano escolar 2003-04 e polo réxime de adultos cursa algunhas materias non superadas de 2º curso pero non supera ningunha delas.

#### 1º curso

a) O alumno ten cursadas e superadas tres materias troncais xerais (Lingua Castelá e Literatura I, Filosofía e Primeira Lingua Estranxeira I), pero non a materia troncal xeral vinculada á actual modalidade de Arte: Fundamentos da Arte I.

b) Ten superada unha materia troncal de opción do actual bacharelato de Arte: Cultura Audiovisual I (equivalente á materia Imaxe cursada por el).

c) Ten superadas dúas materias específicas, neste caso Debuxo Artístico I e Volume.

d) Ten superadas igualmente a materia específica de Educación Física, a específica de Relixión e a materia obrigatoria de libre configuración autonómica Lingua Galega e Literatura I.

En conclusión, para completar os estudos de 1º de bacharelato actual pola modalidade de Arte este alumno deberá matricularse da materia troncal xeral Fundamentos da Arte I e dunha materia troncal de opción (a elixir entre Historia do mundo contemporáneo e Literatura Universal). Os contidos destas materias serían os incluídos no currículo definido na LOMLOE.

#### 2º curso

Como só ten superadas de 2º curso dúas materias específicas (Debuxo Artístico II e Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica) pode completar a súa matriculación co resto das materias de 2º.

Neste caso non superaría o límite de 32 períodos lectivos: 8 períodos das materias troncais de 1º curso; 13 períodos de materias troncais de 2º; 8 períodos de materias troncais de opción; 3 períodos lectivos e Lingua Galega e Literatura II. En caso de cursar algunha destas materias a distancia por non estar ofertada no centro, esa materia non computaría a efectos do límite máximo de períodos lectivos semanais.

Outra opción posible, sería que se matriculase de 2º curso completo coas materias non superadas de primeiro como pendentes (co currículo LOMCE durante este curso). Neste caso tampouco superaría o máximo de 32 períodos lectivos, xa que as materias pendentes tampouco computan a estes efectos. Neste caso o alumno tería que volver cursar as materias xa superadas de segundo.

## Exemplo 4: Alumnado que cursou estudos regulados pola LOXSE.

### Modalidade de Tecnoloxía

- Un alumno cursou polo réxime ordinario 1º de bacharelato pola modalidade existente naquel momento de Tecnoloxía, no ano escolar 2002-2003. Superou todas as materias de 1º entre as convocatorias de xuño e setembro:
  - Lingua castelá e literatura I
  - Primeira lingua estranxeira I
  - Filosofía I
  - Lingua galega e literatura I
  - Educación física
  - Relixión
  - Física e química (modalidade)
  - Matemáticas I (modalidade)
  - Tecnoloxía industrial I (modalidade)
  - Debuxo técnico I (optativa)
- No ano académico 2003-2004 cursa 2º de bacharelato e, entre as dúas convocatorias, supera:
  - Filosofía II (equivalente á actual Historia da Filosofía)
  - Historia (equivalente á actual Historia de España)
  - Lingua galega e literatura II
  - Electrotecnia
  - Mecánica
  - Tecnoloxía industrial II
- No ano académico seguinte (2004-05) cursa as materias non superadas de 2º curso pero non supera ningunha delas.
- O alumno desexa adaptar o seu itinerario para seguir a modalidade actual de Ciencias.

### 1º curso

O alumno ten superadas as materias troncais xerais e a materia troncal obrigatoria vinculada á modalidade de Ciencia (Matemáticas I). Igualmente superou a materia obrigatoria de libre configuración autonómica Lingua Galega e Literatura I.

Ten superadas dúas materias troncais de opción: Física e Química e Debuxo Técnico I.

Ten superadas dúas materias específicas: Tecnoloxía Industrial I e Relixión.

### 2º curso

O alumno ten que cursar tres materias troncais xerais:

- Lingua Castelá e Literatura II
- Primeira Lingua Estranxeira II
- Matemáticas II

Ten que cursar dúas materias troncais de opción, a elixir entre Bioloxía, Debuxo Técnico II, Física, Xeoloxía e Química.

Non ten que matricularse de ningunha materia específica xa que ten cursadas Filosofía II (equivalente a Historia da Filosofía) e Tecnoloxía Industrial II.

Este alumno podería rematar o bacharelato nun só ano académico porque non superaría a carga lectiva de 32 períodos.

## Exemplo 5: Alumnado que cursou estudos regulados pola LOXSE e transición a sistemas posteriores. Modalidade Humanidades e Ciencias Sociais, itinerario Humanidades

Un alumno cursou bacharelato, modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais, itinerario Humanidades, polo réxime de adultos entre os anos escolares 2006-07 e 2017-18.

- Ano escolar 2006-07: Cursou 1º de bacharelato e superou as materias de:
  - Filosofía I
  - Educación física
  - Lingua galega e literatura I
  - Latín I
  - Grego I
  - Historia do mundo contemporáneo
  - Música I
- Ano escolar 2007-08: Cursou e superou as materias non superadas de 1º curso:
  - Lingua estranxeira I
  - Lingua castelá e literatura I

Ese mesmo ano superou estas materias de 2º curso:

- Historia (equivalente á actual Historia de España)
  - Lingua galega e literatura II
  - Latín II
  - Historia da arte
  - Música II (optativa)
- Dez anos despois, no ano escolar 2017-18 cursou e superou a materia de Xeografía.

### **1º curso**

O alumno ten incompleto este curso. Superou as materias troncais xerais, incluída a vinculada á modalidade (Latín I), dúas materias troncais de opción (Grego I e Historia do Mundo Contemporáneo), a materia obrigatoria de libre configuración autonómica Lingua Galega e Literatura I e a materia específica obrigatoria de Educación Física. Pero non ten superadas dúas materias específicas (non existe equivalencia da materia Música que cursou en 1º curso). Polo tanto debe completar o 1º curso matriculándose de dúas materias específicas.

### **2º curso**

- Materias troncais xerais. Fáltanlle por superar:
  - Lingua Castelá e Literatura II
  - Primeira Lingua Estranxeira II
- Materias troncais de opción
  - Como ten cursadas e superadas as materias de Historia da Arte e Xeografía non ten que cursar ningunha materia troncal de opción.
- Ten superada a materia obrigatoria de libre configuración autonómica Lingua Galega e Literatura II.
- Materias específicas
  - Debe cursar as dúas materias específicas de 2º curso.

Este alumno en ningún caso superaría a carga lectiva de 32 períodos polo que podería rematar os seus estudos nun curso escolar.

## Exemplo 6: Alumnado que cursou estudos regulados pola LOE con materias suspensas en ambos cursos.

Un alumno cursou bacharelato, modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais, nos anos escolares 2010-2011 e 2011-2012 polo réxime ordinario. Quere titular pola vía de Ciencias Sociais. Sinálanse en vermello as materias das que deberá matricularse no actual curso académico.

1º de bacharelato (LOE)				
Materias superadas	Ano académico	Réxime	Adaptación ao decreto 86/2015	Observacións
<b>Materias comúns</b>			<b>Materias troncais xerais</b>	
Lingua estranxeira I: Inglés	2010-2011	Ordinario	Primeira Lingua Estranxeira I: Inglés	
Filosofía e cidadanía	2010-2011	Ordinario	Filosofía	
Educación física	2010-2011	Ordinario	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I	Cursouna como materia de modalidade
Ciencias para o mundo contemporáneo	2010-2011	Ordinario	<b>Lingua Castelá e Lit. I</b>	
Relixión	2010-2011	Ordinario	<b>Materia de libre configuración autonómica</b>	
Lingua galega e lit. I	2010-2011	Ordinario	Lingua Galega e Lit. I	
<b>Materias de modalidade</b>			<b>Materias troncais de opción (2)</b>	
Historia do mundo contemporáneo	2010-2011	Ordinario	Historia do Mundo Contemporáneo	Cursouna como obrigatoria de modalidade
Economía	2010-2011	Ordinario	Economía	
Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais I	2010-2011	Ordinario		
<b>Optativa</b>			<b>Materias específicas (EF + 2)</b>	
Antropoloxía	2010-2011	Ordinario	Educación Física	Cursouna como materia común
			Relixión	Cursouna como materia común
			Cultura Científica	Porque superou Ciencias para o Mundo Contemporáneo, que era unha materia común

Ten que matricularse de Lingua Castelá e Literatura I porque non a superou no ensino ordinario e adaptar toda a matrícula de primeiro curso á estrutura establecida no Decreto 86/2015.

A materia optativa de Antropoloxía non ten equivalencia no bacharelato para persoas adultas, por ser na actualidade unha materia de libre configuración autonómica elixible polos centros.

2º de bacharelato				
Materias superadas	Ano académico	Réxime	Adaptación ao decreto 86/2015	Observacións
<b>Materias comúns</b>			<b>Materias troncais xerais</b>	
Lingua estranxeira II: Inglés	2011-2012	Ordinario	Primeira Lingua Estranxeira II: Inglés	
Historia de España	2011-2012	Ordinario	Historia de España	
Lingua galega e lit. II	2011-2012	Ordinario	<b>Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II</b>	Superou a obrigatoria de modalidade no seu momento (Xeografía), pero pola vía de Ciencias Sociais na actualidade debe aprobar esta materia
			<b>Lingua Castelá e Lit. II</b>	
			<b>Materia de libre configuración autonómica</b>	
			Lingua Galega e Lit. II	
<b>Materias de modalidade</b>			<b>Materias troncais de opción (2)</b>	
Xeografía	2011-2012	Ordinario	Xeografía	Non ten que matricularse de Historia da Filosofía porque ten as dúas troncais de opción superadas, aínda que a tiña suspensa como materia común no ensino ordinario
Economía da empresa	2011-2012	Ordinario	Economía da Empresa	
Historia da Arte	2011-2012	Ordinario		
<b>Optativa</b>			<b>Materias específicas (2)</b>	
Xeografía e historia de Galicia	2011-2012	Ordinario	Historia da Arte	Cursouna como materia de modalidade. Considérase troncal non cursada
			<b>Fáltalle unha específica</b>	

Ten que matricularse de Lingua Castelá e Literatura II porque non a superou no ensino ordinario, de Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II e dunha materia específica.

A materia optativa de Xeografía e Historia de Galicia non ten equivalencia no bacharelato para persoas adultas, por ser na actualidade unha materia de libre configuración autonómica elixible polos centros.



### Exemplo 7: Alumnado que obtivo un título de Técnico de FP

Alumno que estudou ata 3º de ESO no ensino ordinario (curso 2015-2016), superou a proba de acceso a ciclos de grao medio (xuño de 2016) e obtivo o Título de Técnico en Instalacións eléctricas e automáticas (xuño de 2018). Quere matricularse de 1º curso de bacharelato pola modalidade de Ciencias.

Para obter o título de bacharelato, unicamente ten que cursar as materias comúns e titulará pola modalidade Xeral. Polo tanto, no primeiro curso matricularase de cinco materias:

- Educación Física
- Filosofía
- Lingua Castelá e Literatura I
- Lingua Estranxeira I
- Lingua Galega e Literatura I

Se quere titular por calquera outra modalidade ten que cursar ademais as materias propias da modalidade escollida (1 obrigatoria e 2 de opción) tanto en primeiro coma en segundo.

### Exemplo 8: Alumnado LOMCE que cambia de modalidade

Alumna que cursou primeiro de bacharelato pola modalidade de Ciencias (2017-2018) e suspendeu dúas materias, cursou segundo de bacharelato por primeira vez no ano académico 2018-2019 e repetiu por materias soltas no curso 2019-2020. Quédanlle tres materias e agora quere, ademais, cambiar á modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais (vía de Ciencias Sociais). Sinálanse en vermello as materias das que deberá matricularse no actual curso académico para obter o título.

1º de bacharelato (LOMCE)				
Materias superadas	Ano académico	Réxime	Materias nas que debe matricularse	Observacións
<b>Materias troncais xerais</b>			<b>Materias troncais xerais</b>	
Lingua Estranxeira I: Inglés	2017-2018	Ordinario	<b>Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I</b>	Non é posible acreditar coñecementos previos nas materias troncais xerais
Filosofía	2017-2018	Ordinario		
Lingua Castelá e Literatura I	2017-2018	Ordinario		
Matemáticas I	2017-2018	Ordinario		
<b>Materia de libre configuración autonómica</b>			<b>Materia de libre configuración autonómica</b>	
Lingua Galega e Lit. I	2018-2019	Ordinario		
<b>Materias troncais de opción</b>			<b>Materias troncais de opción (2)</b>	
Bioloxía e Xeoloxía	2017-2018	Ordinario	<b>Fáltalle unha troncal de opción da nova modalidade</b>	Pode escoller entre Economía, Grego I, Hª do Mundo Contemporáneo ou Literatura

				Universal. Unha troncal de opción pode ser da modalidade ou itinerario do que se procede.
Física e Química	2018-2019	Ordinario		
<b>Materias específica</b>			<b>Materias específicas (EF + 2)</b>	
Educación Física	2017-2018	Ordinario		
Cultura científica	2017-2018	Ordinario		
Tecnoloxías da Información e da Comunicación I	2017-2018	Ordinario		
Robótica	2017-2018	Ordinario		

<b>2º de bacharelato</b>				
<b>Materias superadas</b>	<b>Ano académico</b>	<b>Réxime</b>	<b>Materias nas que debe matricularse</b>	<b>Observacións</b>
<b>Materias troncais xerais</b>			<b>Materias troncais xerais</b>	
Primeira Lingua Estranxeira II: Inglés	2018-2019	Ordinario	<b>Lingua Castelá e Lit. II</b>	
Historia de España	2019-2020	Adultos	<b>Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II</b>	Non ten que superar Matemáticas II, a troncal xeral da modalidade que abandona.
<b>Materia de libre configuración autonómica</b>			<b>Materia de libre configuración autonómica</b>	
Lingua Galega e Lit. II	2019-2020	Adultos		
<b>Materias troncais de opción</b>			<b>Materias troncais de opción (2)</b>	
Bioloxía	2019-2020	Adultos	<b>Historia da Filosofía</b>	Obrigatoria para o alumnado de Humanidades e Ciencias Sociais.
			<b>Fáltalle unha troncal de opción</b>	Non ten que superar a segunda troncal de opción da modalidade que abandona.
<b>Materias específica</b>			<b>Materias específicas (2)</b>	
Ciencias da Terra e do Medio Ambiente	2018-2019	Ordinario		Compútalle Bioloxía como troncal de opción non cursada

## Preguntas frecuentes

---

### 1. Quen pode solicitar a exención de Educación Física?

Só pode solicitar a exención de Educación Física quen xustifique ter a condición de **deportista de alto nivel ou alto rendemento** ou realizar **estudos nas ensinanzas profesionais de danza**. As persoas maiores de 25 anos terán que cursar esta materia común en 1º de bacharelato se non cumpren as condicións anteriores.

### 2. É posible que un alumno que cursou e superou a materia de Matemáticas I acredite coñecementos previos en Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais I se decide cambiar de modalidade?

Non. É obrigatorio cursar e superar todas as materias troncais xerais da modalidade elixida.

### 3. Pódense acreditar coñecementos previos en materias como Latín I ou Fundamentos da Arte I?

Non, agás que o alumno ou a alumna curse Latín II ou Fundamentos da Arte II como materia específica. Unha materia do bloque de materias troncais non cursada pode ser considerada específica a todos os efectos.

### 4. Que materia se lle considera superada a un alumno que superou no bacharelato ordinario unha materia de libre configuración autonómica elixible polo centro?

Ningunha.

### 5. Se unha alumna opta por repetir curso completo, mantéñenselle os aprobados das materias que superou previamente?

Non.

### 6. Que ocorre se un alumno quere matricularse nunha materia propia da modalidade escollida que non consta na oferta do centro ou que no curso actual non se imparte por falta de alumnado?

Pode matricularse dela no centro e cursala a distancia a través do IES San Clemente.

### 7. En que curso debe matricularse un alumno que superou 3º BUP completo, pero ten unha materia suspensa de 2º de BUP?

En 1º de bacharelato. Para acceder directamente a 2º de bacharelato tería que ter aprobado por completo os tres cursos de BUP.

### 8. Pode unha alumna matricularse ao mesmo tempo de todas as materias de bacharelato?

- Na modalidade presencial, non é posible, xa que superaría os 32 períodos lectivos semanais.

- Na modalidade a distancia, é posible sempre que non sexa **a primeira vez** que se matricula en bacharelato. O alumnado que cursa por primeira vez ensinanzas de bacharelato non poderá matricularse simultaneamente nas materias de continuidade relacionadas no anexo VI do Decreto 86/2015. A partires do curso 2023-2024 estas materias de continuidade son as referidas no Anexo III do Decreto 157/2022, do 15 de setembro de 2022.

**9. Pode matricularse nun centro que non teña autorizada a modalidade de Artes un alumno desa modalidade que unicamente teña suspensas materias que si se imparten no centro, como Lingua Galega e Literatura I e II, Lingua Castelá e Literatura I e II, Historia de España ou Primeira Lingua Estranxeira I e II?**

Si. O centro non pode impartir esa modalidade pero pode propoñer para título por esa modalidade. Podería incluso matricularse nese centro aínda que tivese algunha materia propia da modalidade de Artes suspensa, xa que as materias non ofertadas polo centro podería cursalas na modalidade a distancia.

**10. É obrigatorio que todo o alumnado de segundo de bacharelato da modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais se matricule de Historia da Filosofía?**

Con carácter xeral, si. Existen as seguintes excepcións:

- Alumnado que se matricule no bacharelato para persoas adultas coas dúas materias troncais de opción de segundo curso xa aprobadas.
- Alumnado que se matricule no bacharelato para persoas adultas cunha materia troncal de opción de segundo curso suspensa e decida matricularse novamente da mesma materia. En caso de que decidise cambiar de materia, deberá matricularse obrigatoriamente de Historia da Filosofía.

**11. É obrigatoria a asistencia ás clases nas modalidades presencial e semipresencial?**

Si, a presenza na aula é obrigatoria na modalidade presencial e o control por parte do profesorado tamén, igualmente, a asistencia ás titorías na modalidade semipresencial é tamén obrigatoria.

**12. É obrigatorio cursar Relixión?**

Non é obrigatorio cursar a materia de relixión, pero si se cursa esta non computa nin para nota media a efectos doutros estudos, nin para a obtención da mención de matrícula de honra, nin nas convocatorias para a obtención de bolsas e axudas ao estudo.

**13. Pode o centro ofertar unha materia de Libre disposición como alternativa a Relixión?**

Non, nas ensinanzas de adultos non se pode ofertar outra materia como alternativa a relixión.

## Normativa aplicable

---

- Leis orgánicas:
  - Lei 14/1970, do 4 de agosto, Xeral de Educación e Financiamento da Reforma Educativa (*BOE* do 6 de agosto).
  - Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro (*BOE* do 4)
  - Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (*BOE* do 4).
  - Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro (*BOE* do 10)
- Real Decreto 986/1991, do 14 de xuño, polo que se aproba o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo (*BOE* do 25).
- Decreto 275/1994, do 29 de xullo, polo que se establece o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (*DOG* do 31 de agosto)
- Decreto 231/2002, do 6 de xuño, polo que se modifica o Decreto 275/1994, do 29 de xullo, polo que se establece o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (*DOG* do 15 de xullo).
- Orde do 26 de abril de 2007 pola que se ordenan e organizan as ensinanzas de bacharelato para adultos a distancia na Comunidade Autónoma de Galicia (*DOG* do 8 de maio).
- Decreto 126/2008, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (*DOG* do 23 de xuño)
- Real Decreto 242/2009, do 27 de febreiro, polo que se establecen validacións entre as ensinanzas profesionais de música e de danza e a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, así como os efectos que sobre a materia de educación física deben ter a condición de deportista de alto nivel ou alto rendemento e as ensinanzas profesionais de danza (*DOG* do 28).
- Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, do Ministerio de Educación, pola que se establecen equivalencias cos títulos de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bachiller regulados na Lei Orgánica 2/2006 de Educación (*BOE* do 17).
- Orde do 20 de xullo de 2009 pola que se regulan as ensinanzas de bacharelato para persoas adultas pola modalidade presencial na Comunidade Autónoma de Galicia (*DOG* do 31).
- Orde do 7 de xullo de 2010, pola que se establecen medidas de ordenación académica para o alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e de danza e as ensinanzas de réxime especial (*DOG* do 15).
- Orde EDU/520/2011, do 7 de marzo, pola que se modifica a Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, do Ministerio de Educación, pola que se establecen equivalencias cos títulos de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharel regulados na Lei Orgánica 2/2006 de Educación (*BOE* do 14).
- Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial (*DOG* do 15).

- Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega (*DOG* do 19).
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (*DOG* do 29).
- Orde do 19 de abril de 2018 pola que se regulan aspectos relativos á organización das materias do bacharelato establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, para os centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (*DOG* do 25).
- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia (*DOG* do 11 de febreiro).
- Resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/2023.
- Resolución do 18 de xullo de 2022, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pla que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas básicas de educación para persoas adultas, bacharelato para persoas adultas e ensinanzas non regradas no curso académico 2022/2033.
- Decreto 157/2022 do 15 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

## Anexo I. Equivalencia de materias de bacharelato

Correspondencia entre as materias de bacharelato anteriores coas do bacharelato LOMCE				
Lei Orgánica 1990 do 3 outubro (LOXSE)	Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE)	Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)	Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOMLOE)	Referencia legal
Economía e organización de empresas	Economía da empresa			Orde EDU/2395/2009 de 9 de setembro, BOE 12 de setembro
Filosofía I	Filosofía e cidadanía	Filosofía		
Filosofía II	Historia da filosofía			
Fundamentos do deseño	Deseño			
Historia	Historia de España			
Historia da música	Historia da música e da danza			
Imaxe	Cultura audiovisual			
	Cultura audiovisual	Cultura Audiovisual I		Orde ECD/462/2016 de 31 de marzo, BOE 5 de abril
	Tecnoloxía da información e da comunicación	Tecnoloxías da Información e Comunicación I		
	Lingua estranxeira I	Primeira Lingua Estranxeira I		
	Lingua estranxeira II	Primeira Lingua Estranxeira II		
	Ciencias da Terra e ambientais	Ciencias da Terra e do Medio Ambiente		
	Ciencias para o mundo contemporáneo	Cultura Científica		
		Bioloxía e Xeoloxía	Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais	Proxecto de RD polo que se regulan as condicións de promoción dun curso non superado na súa totalidade ao seguinte cando entre un e outro se apliquen as modificacións introducidas pola Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro (LOMLOE).
		Cultura Audiovisual I	Cultura Audiovisual	
		Primeira Lingua Estranxeira I	Lingua Estranxeira I	
		Tecnoloxía Industrial I	Tecnoloxía e Enxeñería I	
		Matemáticas I <sup>(1)</sup>	Matemáticas Xerais	
		Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I <sup>(1)</sup>		

<sup>(1)</sup> Equivalencia a efectos de incorporación á modalidade Xeral do bacharelato.